



**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO, INTEGRADA NO GRUPO "A", SUBGRUPO A1, DA SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS SUPERIORES, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE.**

**RESULTADO DO CUARTO EXERCICIO (COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO).** Reunido o Tribunal cualificador o día 13 de maio de 2021 para proceder á cualificación do cuarto exercicio, puntuándose este de (0) a tres (3), as cualificacións obtidas polos aspirantes foron as seguintes:

CÓDIGO	NOTA
0253	2,76
0254	0
0255	1,86
0256	1,98

#### RECLAMACIÓN E RECURSOS

Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, neste caso, contra o cuarto exercicio, coñecemento do idioma galego, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

**PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O CUARTO EXERCICIO.-** O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e de forma complementaria se publique na sede electrónica do Concello de Pontevedra ([sede.pontevedra.gal](http://sede.pontevedra.gal)), a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes, convocándoos para a realización do **quinto exercicio, práctico**, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na redacción da solución a como mínimo dous supostos prácticos (nos que se poderán incluír unha ou máis preguntas), relativos ás tarefas ou funcións propias da súa subescala e categoría (arquivoiro) que determinará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio podendo consistir cada un destes na emisión de informes técnicos, de informes-propostas técnicos de actuación, na análise e valoración técnica de algunha actuación da administración ou calquera outra actuación que se corresponda coas funcións ou tarefas propias da subescalas e categoría.



Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios, o día **20 de maio, ás 9:00 horas, no edificio municipal coñecido como Casa da Luz, sito na Praza da Verdura, Pontevedra.**

A **lectura** deste exercicio se realizará polos aspirantes no mesmo espazo o **venres 21 de maio as 11.00 horas.**

